



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- 1) O artigo 45.b) da *Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*, ao regular o ámbito subxectivo, indica que as previsións relativas ao réxime xurídico das entidades instrumentais do sector público autonómico aplicaranse ás seguintes entidades autonómicas:
 - a) Persoas particulares que presenten unha denuncia.
 - b) **Sociedades mercantís públicas autonómicas e Fundacións do sector público autonómico.**
 - c) Asociacións privadas sen ánimo de lucro.
 - d) Organizacións internacionais de interese galego.

- 2) O artigo 102.1 da *Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*, define as sociedades mercantís públicas autonómicas como:
 - a) **As sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas na presente lei.**
 - b) As sociedades mercantís, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta do sector privado.
 - c) As sociedades mercantís, con independencia do seu capital social.
 - d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

- 3) Segundo o previsto no artigo 103.1 da *Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*: **"As sociedades mercantís autonómicas réxense, calquera que sexa a súa forma xurídica:**



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- a) Polo ordenamento xurídico privado en todo caso.
- b) Polo ordenamento xurídico público en todo caso.
- c) Polo ordenamento xurídico privado, sen prexuízo do establecido na presente lei, na lexislación de contratos do sector privado e na normativa de subvencións.
- d) Polo ordenamento xurídico privado, sen prexuízo do establecido na presente lei, na lexislación de contratos do sector público, na normativa de subvencións e nas especialidades previstas no resto da normativa aplicable.**

4) Segundo o disposto no artigo 1.4 dos *Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)*: "A sociedade terá a consideración de:

- a) Medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das Administración local.
- b) Medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.**
- c) Medio particular de uso público da Administración xeral autonómica.
- d) Medio privado de uso autónomo da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos.

5) Segundo o disposto no artigo 2.2 dos *Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)*: "As actuacións comprendidas no seu obxecto social poderán ser realizadas pola empresa pública...

- a) Unicamente de forma directa.
- b) Unicamente de forma indirecta.



- c) **Xa directamente, xa indirectamente, mesmo mediante titularidade de accións ou participacións en sociedades con obxecto idéntico ou análogo.**
 - d) De forma solidaria.
- 6) Segundo o artigo 28 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural os distritos forestais, integrados na estrutura territorial da Consellería a través das respectivas xefaturas territoriais, dependerán:**
- a) **Organicamente da xefa ou xefe territorial e funcionalmente das Direccións Xerais de Defensa do Monte e de Planificación e Ordenación Forestal.**
 - b) Organicamente e funcionalmente das Direccións Xerais de Defensa do Monte e de Planificación e Ordenación Forestal.
 - c) Organicamente e funcionalmente da xefa ou xefe territorial.
 - d) Organicamente e funcionalmente da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).
- 7) Segundo o artigo 28 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural os distritos forestais exercerán, no ámbito territorial do distrito forestal, as funcións en materia de:**
- a) Xestión de montes e de prevención, defensa e extinción de incendios forestais, en desenvolvemento das competencias da Consellería do Medio Rural nestas materias de forma exclusiva.
 - b) **Xestión de montes e de prevención, defensa e extinción de incendios forestais, en desenvolvemento das competencias da Consellería do Medio**



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

Rural nestas materias, sen prexuízo da posible colaboración cos centros directivos e entidades instrumentais da Consellería.

- c) Xestión de desenvolvemento rural.
- d) Todas as anteriores son correctas.

8) Respecto da execución do contrato de obras (artigos 237 a 239) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal destas afirmacións é incorrecta?

- a) A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo.
- b) Cando as instrucións fosen de carácter verbal, nunca poderán ser vinculantes.**
- c) Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía o contratista é responsable de todos os defectos que na construción poidan advertirse.
- d) En casos de forza maior e sempre que non exista actuación imprudente por parte do contratista, este terá dereito a unha indemnización polos danos e prexuízos, que se lle produciron na execución do contrato.

9) O artigo 156.1 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, prevé que:

- a) No procedemento aberto o empresario interesado negociará os termos do contrato cos licitadores.
- b) No procedemento aberto o empresario interesado negociará os termos do contrato cos licitadores, ou poderá presentar unha proposición.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- c) No procedemento aberto todo empresario interesado non poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.
- d) No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.**

10) Segundo o artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público:

- a) Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.**
- b) Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 10.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 5.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.
- c) Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 3.000 euros.
- d) Considéranse contratos menores os de menor contía.

11) Segundo o artigo 118.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público: Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá:

- a) A emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu**



obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.

- b) A emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e o seu obxecto.
- c) A fiscalización previa por parte da Intervención Delegada.
- d) A emisión un informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e a fiscalización limitada posterior por parte da Intervención Delegada.

12) Respecto dos contratos menores, de acordo co disposto no artigo 63.4 da *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público*:

- a) Os contratos menores non precisan publicación, pero si información previa.
- b) Os contratos menores publicaranse na páxina web da Xunta de Galicia e no Plataforma de licitación da Unión Europea.
- c) **A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente.**
- d) A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos anualmente.

13) De acordo co disposto no artigo 5 da *Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes*, cal de estes terreos ten a consideración de monte?:

- a) **Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima determinada pola Comunidade Autónoma.**
- b) Os terreos dedicados ao cultivo agrícola.
- c) Os terreos urbanos.
- d) Os terreos que exclúa a comunidade autónoma na súa normativa forestal e urbanística.



14) Tendo en conta o disposto no artigo 36 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, cal de estas afirmacións é falsa:

- a) Os aproveitamentos dos recursos forestais realizaranse de acordo coas prescricións para a xestión de montes establecidas nos correspondentes plans de ordenación de recursos forestais, cando existan.
- b) Os aproveitamentos dos recursos forestais axustaranse tamén, de ser o seu caso, ao que concretamente consígnese no proxecto de ordenación de montes, plan dasocrático ou instrumento de xestión equivalente vixente.
- c) Os aproveitamentos dos recursos forestais poderán efectuarse sen ningún tipo de condicionante pola persoa titular do monte.**
- d) O órgano competente da comunidade autónoma regulará os aproveitamentos non madeirables.

15) De acordo co disposto no artigo 36.7 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, os aproveitamentos nos montes afectados polas zonas de servidume, policía, ou afección dos dominios públicos hidráulico, marítimo-terrestre, de estradas ou ferroviario:

- a) Precisarán sempre da autorización dos órganos competentes dos devanditos dominios.
- b) Precisarán da habilitación dos órganos competentes dos devanditos dominios.
- c) Non precisarán da autorización dos órganos competentes dos devanditos dominios, a condición de que tales montes dispoñan de instrumentos de xestión cuxa aprobación polo órgano forestal da comunidade autónoma fose informada favorablemente os órganos de xestión dos dominios públicos mencionados.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



16) En aplicación do que establece o artigo 68 bis da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia: Transcorridos os prazos de comunicación ou do anuncio previstos nese artigo sen que a persoa responsable retire as especies arbóreas:

- a) A Administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, sen prexuízo da repercusión dos custos á persoa responsable.
- b) A Administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, sen repercusión dos custos á persoa responsable.
- c) A Administración pública competente poderá impoñer multas coercitivas para proceder a execución subsidiaria.
- d) A Administración pública iniciará un procedemento de compulsión sobre a persoa infractora.

17) Cal destas distancias non é correcta segundo o previsto ANEXO II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia? (Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais):

- a) Con parcelas forestais: 2 metros.
- b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria: 10 metros para especies de frondosas incluídas no anexo I e 10 metros para o resto.
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo ou prados non clasificados de especial protección agropecuaria: 4 metros cando empréguese as especies frondosas do anexo I e 10 metros no resto de especies.
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou ferrocarril: 10



metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I e 20 metros no resto de especies.

18) De conformidade co previsto na Disposición adicional cuarta da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*: A rexeneración forestal tras un aproveitamento forestal ou das masas afectadas por incendios, pragas ou outros desastres naturais, que haberá de cumprir en todo caso as distancias establecidas na presente lei:

- a) Non terá a consideración de novas plantacións para os efectos da lexislación ambiental cando se mantivese o xénero da especie arbórea principal, cando supuxese a transformación de eucaliptais en piñeirais ou, en todo caso, cando tras a rexeneración creásense masas de frondosas do anexo 1.**
- b) Terá sempre a consideración de novas plantacións.
- c) Non terá nunca a consideración de novas plantacións.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

19) De conformidade co disposto no artigo 122 ter.1 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, as agrupacións forestais de xestión conxunta deberán dispoñer da xestión dunha superficie mínima de:

- a) 1 hectárea.
- b) 5 hectáreas.
- c) 10 hectáreas.**
- d) 15 hectáreas.

20) De acordo co disposto no artigo 9 da *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, a consellería con



competencias en materia forestal definirá épocas de perigo alto, medio e baixo, que condicionarán a intensidade das medidas para adoptar para a defensa do territorio de Galicia:

- a) En consideración ao índice de risco diario de incendio forestal.
- b) En consideración aos antecedentes e datos históricos sobre o risco de aparición de incendios forestais en Galicia e sobre a incidencia das variables meteorolóxicas no comportamento do lume.**
- c) En consideración á intensidade do vento.
- d) En consideración a variabilidade da orografía.

21) Consonte co disposto no artigo 14.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a elaboración do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia corresponde:

- a) Aos concellos.
- b) Á consellería competente en materia forestal.**
- c) A Federación Galega de Municipios e Provincias.
- d) Á cidadanía.

22) De conformidade co que establece o artigo 20.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa:

- a) Teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.**
- b) Sitúanse nos terreos forestais e zonas de influencia forestal.
- c) son infraestruturas lineais de prevención e defensa, situándose ao longo Da rede de transportes.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

d) Ningunha das anteriores é correcta.

23) Consonte co artigo 20 bis.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, haberá de:

- a) Xestionarse a biomasa vexetal na beirarrúa.
- b) Xestionarse a biomasa vexetal, de acordo con os criterios estipulados na presente lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos devanditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.**
- c) Xestionarse a biomasa vexetal en 50 metros e retirar as especies danosas.
- d) Retirar as especies reguladas na disposición adicional terceira da estrada.

24) Consonte co disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais será obrigatorio para as persoas que resulten responsables conforme ao artigo 21 ter que xestionen a biomasa vexetal, de acordo con os criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de:

- a) 5 metros.
- b) 10 metros.
- c) 20 metros.
- d) 50 metros.**



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

25) De conformidade co artigo 2 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, os montes veciñais en man común, son bens:

- a) Indivisibles, alienables, imprescritibles e inembargables.
- b) Indivisibles, alienables, prescritibles e embargables.
- c) Indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables.**
- d) Divisibles e embargables.

26) Consonte co previsto no artigo 28.2 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, corresponde declarar por razóns de utilidade pública e interese xeral o estado de grave abandono ou degradación dos montes veciñais en man común:

- a) Ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- b) Ao concello correspondente, por proposta das parroquias.
- c) Á persoa titular da consellería competente en materia de montes a proposta da persoa titular da dirección xeral que teña as atribucións na mesma materia.**
- d) Ao común dos veciños.

27) Que se entende como "Áreas de especial protección", segundo a definición do artigo 4.4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia?

- a) As zonas de actuación prioritaria en materia de incendios e caza.
- b) As zonas de alto risco de incendio forestal singular.
- c) As áreas sen aptitude específica.



- d) Aqueles terreos delimitados que posúen valores singulares de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico ou ambiental e que están cualificados legalmente como tales.**

28) Que se entende como "Bases de reestruturación parcelaria" , segundo a definición do artigo 4.7 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia?

- a) As bases das áreas sen aptitude específica.
- b) As bases do funcionamento do sistema de concentración parcelaria.
- c) A fase do procedemento de reestruturación parcelaria consistente na determinación das zonas integrantes do Banco de terras de Galicia.
- d) A fase do procedemento de reestruturación parcelaria consistente na execución das operacións de definición do parcelario, de investigación da propiedade e de clasificación das terras.**

29) Consonte co artigo 60 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia unha vez aprobadas as bases de reestruturación parcelaria, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, a proposta do servizo provincial correspondente, aprobará:

- a) Un rexistro de obras no que se recollerá todas as que se materializan na reestruturación parcelaria.
- b) Un Plan anual de pozos.
- c) Un orzamento de obras que reflectirá todos os gastos a realizarse na reestruturación parcelaria.
- d) Un plan de obras que reflectirá todas as actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria.**



30) O artigo 14 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia configura o Banco de Terras de Galicia, dependente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, como:

- a) Un rexistro de terreos agroforestais para realización de funcións estatísticas.
- b) Un instrumento de venda directa de terras degradadas ou abandonadas.
- c) Un instrumento público de intermediación entre persoas titulares de terras agroforestais e persoas interesadas no seu aproveitamento que ten como obxectivo principal contribuír á mobilización produtiva das terras mediante arrendamentos, cesións, permutas, alleamentos ou calquera outro negocio xurídico.**
- d) Un instrumento de embargo das terras agroforestais e de determinación do xustiprezo.

31) Consonte co artigo 68.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia o desenvolvemento de polígonos agroforestais necesitará dispoñer do acordo das persoas titulares da superficie que represente, como mínimo:

- a) O 50 % das terras incluídas no perímetro proposto de polígono agroforestal, excepto no caso dos polígonos devasas.
- b) O 50 % das terras incluídas no perímetro proposto de polígono agroforestal, sen excepcións.
- c) O 70 % das terras incluídas no perímetro proposto de polígono agroforestal, sen excepcións.
- d) O 70 % das terras incluídas no perímetro proposto de polígono agroforestal, agás no caso dos polígonos cortalumes.**



32) Consonte co artigo 118.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, o plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo é un instrumento de planificación que formulará:

- a) Un programa mensual que abarcará, total ou parcialmente, os ámbitos clasificados como solo de núcleo rural dentro do perímetro das aldeas modelo.
- b) Un programa bianual que abarcará, total ou parcialmente, os ámbitos clasificados como solo rústico dentro do perímetro das aldeas modelo.
- c) Un programa plurianual que abarcará, total ou parcialmente, os ámbitos clasificados como solo de núcleo rural dentro do perímetro das aldeas modelo.**
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

33) Que data regula a Disposición transitoria novena da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia para limitar as Repoboacións co xénero *Eucalyptus* só nos casos contemplados nela?

- a) Ata o 31 de decembro de 2023.
- b) Ata o 31 de decembro de 2024.
- c) Ata o 31 de decembro de 2025.**
- d) Ata o 31 de decembro de 2026.

34) Segundo o artigo 4 da Orde do 1 de xuño de 2016 pola que se aproba e se dá publicidade do modelo de comunicación de apertura ou reanudación da actividade de centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, no caso de obras de construción a documentación específica que deberá acompañar ao modelo normalizado que figura como Anexo I a esta orde é:



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- a) O Plan de seguridade e saúde no traballo, cando sexa de aplicación o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e, en concreto, cando a empresa realice algunha das actividades que se relacionan no anexo I do dito real decreto. Se non fose exixible o plan de seguridade e saúde, achegárase a correspondente avaliación de riscos.
- b) A Acta de aprobación do plan de seguridade, se este for exixible.
- c) A copia do libro de subcontratación habilitado.
- d) As respostas a) e b) son correctas.**

35) Segundo o artigo 2 da Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril, sobre os requisitos e datos que deben reunir as comunicacións de apertura ou de continuación de actividades nos centros de traballo, entre os datos de comunicación da apertura dun centro de traballo atópanse os seguintes:

- a) Actividade económica da empresa, actividade económica do centro de traballo, modalidade da organización preventiva e número total de traballadores da empresa ocupados no centro de traballo, distribuídos por sexo.**
- b) Actividade económica da empresa, modalidade da organización preventiva e número total de traballadores distribuídos por conta allea e por conta propia.
- c) Actividade económica da empresa, modalidade da organización preventiva e relación detallada das actividades nas que interveñen produtos químicos nos centros móbiles.
- d) Actividade económica da empresa, modalidade da organización preventiva e data do encargo ou adxudicación da obra.



36) Consonte se desprende do disposto no artigo 15 do Real Decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

Respecto da subcontratación no sector da construción:

- a) O contratista deberá ter en conta que debe dispoñer do libro de subcontratación, debidamente habilitado, con anterioridade ao inicio dos traballos subcontratados, e, posteriormente, realizar a comunicación de apertura do centro de traballo.
- b) O contratista deberá ter en conta que debe dispoñer do libro de subcontratación, debidamente habilitado, con anterioridade ao inicio dos traballos subcontratados.**
- c) O promotor deberá ter en conta que debe dispoñer do libro de subcontratación, debidamente habilitado, con anterioridade ao inicio dos traballos subcontratados.
- d) O promotor deberá ter en conta que debe dispoñer do libro de subcontratación, debidamente habilitado, con anterioridade ao inicio dos traballos subcontratados.

37) Segundo a cláusula 38 do Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, polo que se aproba o Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado a dirección de obra:

- a) Pode ordenar que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo do un por cento do orzamento da obra.**
- b) En ningún caso pode ordenar ensaios e análises de materiais e unidades de obra, excepto se na Acta de inicio dos traballos así queda reflectido.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- c) Pode ordenar que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo do dez por cento do orzamento da obra.
- d) Pode ordenar que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo de cincocentos euros.

38) Segundo o artigo 28 da Lei 5/2019, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, os espazos protexidos da Rede Natura 2000 non estarán constituídos por:

- a) Os lugares de importancia comunitaria, ata a súa transformación en zonas especiais de conservación.
- b) As zonas especiais de conservación.
- c) As zonas de especial protección para as aves.
- d) As zonas de especial protección urbanística.**

39) Segundo o artigo 3 da Lei 5/2019, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, como se define "especie autóctona extinguida":

- a) Especie exótica establecida no ecosistema con carácter permanente.
- b) Especie que se introduce ou establece nun ecosistema ou nun hábitat natural ou seminatural.
- c) Especie autóctona desaparecida no pasado da súa área de distribución natural.**
- d) Especie existente dentro da súa área de distribución natural.



40) Segundo o artigo 114 da Lei 5/2019, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, créase o Catálogo dos hábitats en perigo de desaparición de Galicia como un rexistro público de carácter administrativo:

- a) Dependente da consellaría competente en materia de medio rural.
- b) Dependente da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural.**
- c) Dependente da consellaría competente en materia infraestruturas.
- d) Non existe o Catálogo dos hábitats en perigo de desaparición de Galicia.

41) Segundo o artigo 25.2 da Lei 5/2019, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, non poderá ter consideración de monumento natural:

- a) As árbores senlleiras e monumentais.
- b) As paisaxes naturais.**
- c) Os xacementos paleontolóxicos e mineralóxicos.
- d) Os estratotipos e os demais elementos da xea.

42) O diagrama de Gantt é un diagrama bidimensional no que:

- a) Se representa o tempo no eixo horizontal e no vertical o nome da tarefa. As dependencias pódense describir mediante unha frecha desde o final da tarefa que xera a dependencia ata o comezo da tarefa dependente.**
- b) Se representan os eventos con nodos circulares e as estimacións de tempo con conectores de liñas.
- c) Se representa o tempo no eixo vertical e no horizontal o nome da tarefa. As dependencias pódense describir mediante unha frecha desde o final da tarefa que xera a dependencia ata o comezo da tarefa dependente.
- d) Se representan os eventos con nodos rectangulares e as estimacións de tempo con conectores de liñas.



43) Segundo o artigo 20 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular sobre as obrigacións do produtor inicial ou outro posuidor relativas á xestión dos seus residuos:

- a) Para asegurar o tratamento axeitado dos seus residuos só poderá entregar os residuos a unha entidade exclusivamente pública para o seu tratamento.
- b) A entrega dos seus residuos a un xestor de residuos non precisa dunha acreditación documental.
- c) Poderá optar por realizar o tratamento dos residuos por si mesmo, sempre que dispoña da correspondente autorización para levar a cabo a operación de tratamento.**
- d) Nunca poderá dispoñer da correspondente autorización para levar a cabo a operación do tratamento dos residuos por si mesmo.

44) Segundo o artigo 3 do Real Decreto 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España:

- a) Adóptase o sistema REGCAN95 como sistema de referencia xeodésico oficial en España para a referenciación xeográfica e cartográfica no ámbito da Península Ibérica e as Illas Baleares.
- b) Adóptase o sistema ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989) como sistema de referencia xeodésico oficial en España para a referenciación xeográfica e cartográfica no ámbito da Península Ibérica e as Illas Baleares .**
- c) Adóptase como elipsoide de referencia o de Struve, datum Madrid e orixe de lonxitude o meridiano de Madrid (Observatorio Astronómico Nacional).



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- d) Adóptase o sistema PT-TM06 como sistema de referencia xeodésico oficial en España para a referenciación xeográfica e cartográfica no ámbito da Península

45) No Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG):

- a) A captura de datos en campo rexistrárase en formato .kmz
- b) Tódalas parcelas propostas nas listaxes de campo previamente foron verificadas en gabinete o requisito de homoxeneidade, polo que ningunha poderá ser descartada.
- c) **Localizado o centro da parcela de campo, detallarase a información xeral dela: Tipo, Homoxeneidade, Subtipo, Especie, Pendente, Pedregosidade, Fotografía e anotación de Observacións precisas.**
- d) A captura de datos en campo realizarase a través da aplicación móbil Google Maps.

46) Segundo o artigo 16 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, con carácter xeral, salvo causa técnica xustificada, a vixencia dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal será:

- a) Entre 15 e 25 anos.
- b) Un máximo de 25 anos.
- c) **A da quenda da especie principal.**
- d) Esta norma non establece nada ao respecto.

47) Segundo o artigo 112 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, "O material forestal empregado nas repoboacións forestais no territorio da



Comunidade Autónoma de Galicia deberá ter como orixe a rexión de procedencia en que se inclúa a superficie que se vai repoboar...:

- a) Sen excepcións.
- b) Ou, excepcionalmente, poderá facerse con material procedente doutras rexións de procedencia, logo de resolución da Administración forestal, publicada no Diario Oficial de Galicia, que autorice a súa utilización, unha vez comprobada a idoneidade e a capacidade de adaptación dese material forestal.**
- c) Ou, excepcionalmente, a autorizada polo coordinador de obra.
- d) Ou, excepcionalmente, a autorizada pola propiedade.

48) O control biolóxico de *Cryphonectria parasitica* que está a realizar a Xunta de Galicia efectúase:

- a) Mediante a colocación de micelio hipovirulento exclusivamente na base das árbores sans próximas ás afectadas por esta enfermidade.
- b) Mediante a inoculación de cepas hipovirulentas compatibles coas virulentas da zona a tratar na periferia dos cancos, sobre os troncos e as pólas de casca lisa.**
- c) Mediante a colocación de micelio hipovirulento exclusivamente na base das árbores enfermas.
- d) Mediante a inoculación de cepas hipovirulentas compatibles coas virulentas exclusivamente nas raíces.

49) O control biolóxico de *Dryocosmus kuriphilus* que está a realizar a Xunta de Galicia efectúase:



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- a) Mediante reprodución en laboratorio e posterior solta en campo do *Bacillus thuringiensis*.
- b) Eliminando as bugallas secas das árbores.
- c) **Por medio do seu inimigo natural e específico, o *Torymus sinensis*.**
- d) Mediante reprodución en laboratorio e posterior solta en campo do parasitoide *Anaphes sinensis*.

50) Unha ferramenta para a consulta da información sectorial especializada que permite localizar e visualizar as zonas de concentración e reestruturación parcelarias, con enlaces aos datos xerais das concentracións que se atopan na web da Consellería do Medio Rural é:

- a) DHGC-ES
- b) SIOTUGA
- c) **Visor xeográfico da Concentración e Reestruturación Parcelaria.**
- d) SignA

51) Segundo o artigo 2º da Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal, nas zonas en que sexa obrigatorio realizar a xestión da biomasa consonte o establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia:

- a) A altura máxima da vexetación, arbustiva e herbácea non ten en conta a porcentaxe de cobertura do solo.
- b) Debe ser garantida a descontinuidade horizontal dos combustibles entre a infraestrutura e 100 metros do límite externo da faixa de xestión da biomasa.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- c) **No estrato arbóreo, a poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do solo.**
- d) No estrato arbóreo, as masas serán mixtas ou de frondosas caducifolias e a distancia entre plantas será, como mínimo, de 2 metros.

52) No Libro de Ordes e Asistencias, a dirección de obra poderá:

- a) Notificar á administración pública en casos de accidentes graves ou mortais, incidencias graves, incidencias reiterativas ou incumprimento de advertencias que se produzan no desenvolvemento da execución de obras.
- b) **Apuntar as incidencias, ordes e asistencias que se produzan no desenvolvemento da execución de obras.**
- c) Anotar as reunións de coordinación de actividades empresariais (C.A.E.) que se produzan no desenvolvemento da execución de obras.
- d) Escribir exclusivamente informes de vixilancia da saúde.

53) A idade para o ensaio da resistencia do formigón é:

- a) Unicamente de 7 ou 28 días.
- b) Unicamente de 28 días.
- c) **Habitualmente de 28 días, realizando un ensaio previo aos 7 días e en casos xustificados aos 56 e, incluso, aos 90 días.**
- d) De cinco semanas.

54) Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais:



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- a) O Comité de Seguridade e Saúde reunirase anualmente e sempre que o solicite algunha das representacións no mesmo. O Comité adoptará as súas propias normas de funcionamento.
- b) O Comité de Seguridade e Saúde reunirase só cando o solicite o órgano representante dos traballadores.
- c) O Comité de Seguridade e Saúde reunirase só cando o solicite a representación sindical máis votada na empresa.
- d) O Comité de Seguridade e Saúde reunirase trimestralmente e sempre que o solicite algunha das representacións no mesmo. O Comité adoptará as súas propias normas de funcionamento.**

55) Segundo o apartado 4 do artigo 22 bis *Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención*, as funcións do Recurso Preventivo son:

- a) Vixiar o cumprimento das actividades preventivas en relación cos riscos derivados da situación que determine a súa necesidade para conseguir un adecuado control dos devanditos riscos.**
- b) Garantir o cumprimento da execución das obras segundo o especificado nos Pregos de Condicións Técnicas.
- c) Impedir o acceso a toda persoa non autorizada pola empresa.
- d) Comprobar a eficacia dos ensaios previstos na planificación.

56) Respecto da formación mínima que debe dispoñer o Recurso Preventivo:

- a) Deben contar coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións do nivel básico, complementada con formación teórico e práctica específica sobre os traballos, técnicas a desenvolver, normas, riscos e**



medidas preventivas a aplicar, nas actividades a vixiar, que determinaron a súa presenza.

- b) Deben contar coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións do nivel básico de 50 horas.
- c) Deben contar coa formación preventiva correspondente, como mínimo, de seguridade no traballo de 150 horas.
- d) Deben contar co bo aproveitamento de dúas xornadas prácticas cun coordinador de seguridade e saúde.

57) No programa integrado de xestión de coste e de tempo orientado para a execución de obra "Presto", a modificación da variable "Redondeo de valores doutros conceptos" pódese facer:

- a) Indo á icona ou ventá "Ambiente de traballo", seleccionar a pestana "Aparencia" e introducir o número de decimais da variable.
- b) Seleccionar "Ferramentas" – "Elementos de traballo" e introducir o número de decimais da variable.
- c) Indo á pestana "Informes", seleccionar "Xestión do proxecto" e introducir o número de decimais da variable.
- d) Indo á icona ou ventá "Propiedades", seleccionar a pestana "Redondeos" e introducir o número de decimais da variable.

58) No programa integrado de xestión de coste e de tempo orientado para a execución de obra "Presto", a exportación dos informes pode realizarse aos seguintes formatos:

- a) RTF
- b) TXT



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

- c) PDF
- d) Todas son certas.**

59) No programa integrado de xestión de coste e de tempo orientado para a execución de obra "Presto":

- a) É posible certificar completamente o orzamento.
- b) É posible cambiar o número de certificación de varias liñas de medición á vez.
- c) É posible introducir as medicións de certificación a orixe.
- d) Todas son certas.**

60) O Fondo Documental do Monte Galego é:

- a) Un catálogo web de información dos montes galegos xestionado polas Bibliotecas provinciais.
- b) Un catálogo web de información histórica dos montes galegos xestionado pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.**
- c) Un catálogo web de información histórica patrocinado pola Fundación Juana de Vega.
- d) Un catálogo web de información dos montes galegos xestionado polo Grupo de Historia Agraria e Política do Mundo Rural "Histagra".



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

Preguntas de reserva (débense responder)

61) O artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais establece os principios da acción preventiva dun xeito ordenado, cal das seguintes pautas sería a primeira a adoptar?

- a) **Avaliar os riscos que non se poidan evitar.**
- b) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.
- c) Combater os riscos na súa orixe.
- d) Superar situacións que xeran un dano para a saúde.

62) O artigo 156.2 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, prevé que en procedementos abertos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada:

- a) O prazo de presentación de proposicións non será inferior a trinta e cinco días, para todos os contratos desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- b) O prazo de presentación de proposicións non será inferior a trinta e cinco días, para os contratos de obras, subministracións e servizos, e a trinta días para as concesións de obras e servizos, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.**
- c) O prazo de presentación de proposicións non será inferior a 15 días, para todos os contratos desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- d) Non se aplicará ningún prazo mínimo para a presentación de proposicións.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior
Posto: Coordinador/a provincial (Técnico provincial)

Fase de oposición

63) No programa integrado de xestión de coste e de tempo orientado para a execución de obra "Presto", a "Natureza do Concepto" pode ser:

- a) Título, Certificación e Medicións.
- b) Capítulo e Importe Total.
- c) Máquinas, Materiais e Outros.**
- d) Importe de Execución Material.

64) Segundo no artigo 103.2 da Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

- a) As sociedades mercantís autonómicas en ningún caso dispoñerán de facultades que impliquen o exercicio de potestades privadas.
- b) As sociedades mercantís autonómicas en ningún caso dispoñerán de facultades que impliquen o exercicio de potestades.
- c) As sociedades mercantís autonómicas dispoñerán de facultades que impliquen o exercicio de potestades administrativas.
- d) As sociedades mercantís autonómicas en ningún caso dispoñerán de facultades que impliquen o exercicio de potestades administrativas.**

65) Os formatos de datos vectoriais que se poden importar ou traballar en QGIS son:

- a) AutoCad DWG
- b) AutoCad DXF
- c) Valores separados por comas.
- d) Todas son certas.**